

Nº 25

Xoves, 31 de marzo de 2011. Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (Rede Museística da Deputación de Lugo).
Hora: 20 horas. Lugar: **Refectorio** do Museo Provincial. Duración aprox.: **1:30 h.** Deseño gráfico e animación dixital: **tatata.** Coordina: **Antonio Reigosa.**

Número dedicado a conmemorar o 80º aniversario da Declaración do Convento de San Francisco como B.I.C. (Ben de Interese Cultural), hoxe sede do Museo Provincial de Lugo.

SUMARIO**Portada musical**

Tema: *Verdes sao os campos* (Zeca Afonso/Camões), por **Begoña Lorenzo e Iago Mouriño** (3')

O convento de San Francisco

O convento de San Francisco e o Museo Provincial de Lugo, por **Fernando Arribas Arias** (10')

Música

Tema: *Transparente. Mariza* (Paulo Abreu Lima/Rui Veloso), por **Begoña Lorenzo e Iago Mouriño** (3')

Poesía

Hollywood ron (lectura e imaxe de *Hollywood ron*, de *Nescio*), por **Luís López Alonso**. Imaxe: Tacho Jiménez (6')

Música

Tema: *Ramo Verde* (Tradicional galega), por **Begoña Lorenzo e Iago Mouriño** (3')

Documental: A arte que se pisa

A arte que se pisa. Jesús Amor Vázquez, artífice do pavimento do claustro de San Francisco. Coproducido pola **Fundación TIC** e o **Museo Provincial de Lugo** (10')

Música

Tema: *Manual do Señorito* (Poema de Manuel María versionado por María Manuela), por **Begoña Lorenzo e Iago Mouriño** (3')

Poesía

Cidade e outros poemas (lectura e imaxe de poemas de *Resurrección*), por **Luís López Alonso**. Imaxe: Tacho Jiménez (6')

Música

Tema: *Ladrona* (Tradicional galega), por **Begoña Lorenzo e Iago Mouriño** (3')

Documentos con memoria

Documentos con memoria: Mostra bibliográfica, fotográfica e documental sobre o edificio do MPLugo, por **Mª de las Mercedes Salvador Castañer** (10')

Música

Tema: *Anaina* (Tema propio), por **Begoña Lorenzo e Iago Mouriño** (3')

Poesía

Canto (lectura e imaxe de poemas de *Subterraneans*), por **Luís López Alonso**. Imaxe: Tacho Jiménez (3')

A igrexa do convento de San Francisco (hoxe parroquial de San Pedro)

A Igrexa de San Pedro: Xoia do gótico galego, por **César Carnero** (10)

Música

Tema: *Samurai* (Djavan), por **Begoña Lorenzo e Iago Mouriño** (3')

Avance Programa de actos conmemorativos do 80º aniversario da Declaración como BIC do convento de San Francisco de Lugo
 por **Aurelia Balseiro García** (5')

Opinión

Intervención do público. Entrega de diplomas aos amigos/as da revista (3')

Epilogo

por **Aurelia Balseiro**, directora do MPLugo (3')

Contraportada musical

Tema: *Arman vela* (Tradicional galega interpretada por Luar na Lubre), por **Begoña Lorenzo e Iago Mouriño** (3')

COLABORAN NESTE NÚMERO

Fernando Arribas Arias

Profesor de EXB e licenciado en Humanidades, traballa como Técnico de Difusión no Museo Provincial de Lugo. Etnógrafo e historiador de cine, leva publicados diversos libros e artigos sobre a sétima arte en Lugo e sobre os cruceiros da Terra Chá. Conferenciante e investigador, actualmente prepara a súa tese de doutoramento sobre os cruceiros galegos. Membro da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico-Artístico de Lugo en representación do Consello da Cultura Galega.

César M. Carnero Rodríguez

Nado en Freituxe (Bóveda, Terra de Lemos) en 1963. Cursou os estudos filosóficos-teolóxicos en Santiago de Compostela, sendo ordenado sacerdote no ano 1988. Posteriormente formouse no campo da conservación-restauración do patrimonio cultural en Madrid. No ámbito da difusión cultural dirixiu e presentou durante varios anos un programa de radio semanal en torno o patrimonio cultural ("Na procura do patrimonio"). Na actualidade preside a asociación *Amigos Patrimonio de Lemos*, forma parte do Consello de Cultura da Excm. Deputación Provincial de Lugo, Delegado Episcopal do patrimonio histórico-artístico da Diocese de Lugo, coengo da S.I.C.B. de Lugo e vicario parroquial de San Pedro (Lugo).

Luís López Alonso

Nace en 1977 na vila de Sarria. Colabora dende moi cativo como director e artista en diversas publicacións locais, como a *Revista Hórreo* ou *Espellos*. No ano 1995 gaña o segundo premio e segundo premio *ex aequo*, no "Certame Literario María Soliño" de Cangas do Morrazo, e no "XXII Certame Literario Minerva", respectivamente. No ano seguinte, acada o primeiro premio no "XXIII Certame Literario Minerva" co conxunto de poemas titulado *Espidos os teus ollos*. Dende ese ano, a súa traxectoria como poeta aparentemente interrómpese, e fica no anonimato editorial, aínda que non creativo. Licenciase en Farmacia pola Universidade de Compostela no ano 2001. Froito destes case tres lustros de mutismo son os poemarios inéditos *Poemas 1977 (1997)*, *Ánima, illa (2007)*, *B. Femme (2008)*, *Nescio (2008)*, *Subterraneans (2009)* e *A cea está lista (2010)*. Na actualidade e no eido da creación, traballa para OQO filmes como guionista da serie de animación en stop-motion *Cocorico*, baseada no libro infantil de Marisa Núñez e Helga Bansch. Ademais, está a traballar no proxecto *Poético V* e rematando o poemario *Resurrección*.

Begoña Lorenzo e Iago Mouriño

Os camiños de Begoña Lorenzo e Iago Mouriño crúzanse por casualidade, a través dunha colaboración nun concerto do Conservatorio de Música Tradicional e Folque de Lalín aló polo 2006. Begoña provén do canto tradicional, sendo alumna dese mesmo conservatorio, e posteriormente, tralo seu paso pola Escola Estudio de Santiago de Compostela e o Coro da Rá, ampliando a súa técnica vocal a rexistros máis contemporáneos. Na súa formación figuran mestres como Ugia Pedreira, Guadi Galego, Ramón Bermejo e Carmen Rey. Asistiu a diversos cursos de técnica e improvisación vocal e a unha Master Class de Voces Búlgaras con Kalinka Vulcheva. Actualmente é mestra de Técnica Vocal e Pandeireta na Tradescola en Lugo e vocalista do grupo de base tradicional Tudutene. Iago, pola súa parte, comezou a súa formación como pianista clásico para logo introducirse no jazz e na música moderna. Formouse con músicos como Xavier Constenla, Carlos Calviño e Carlos Castro. Asistiu a master-classes con Victor Wooten, Steve Brown, Andy Phillips, Raynald Colom, Tom Warburton e Marc Ayza. De entre os proxectos dos que forma parte actualmente cabe destacar o trío *3azoteas* (con Miguel Queixas e Pablo Pérez), o grupo *Brothers in Band* (Tributo a Dire Straits) e o *Cuarteto Ancestral* (música en directo para cine mudo). Despois de varias actuacións esporádicas colaborando en diferentes espazos musicais, presentacións artísticas (caiba aquí un agradecemento ao escritor Xosé Vázquez Pintor pola promoción que voluntariamente está a facer do proxecto) comezan a definir un repertorio fixo, escollendo pezas de diversos estilos, dende a música tradicional galega, pasando polo fado portugués, a música brasileira, o jazz, o pop, e incluso algunha pingada country; e levándoas ao seu propio terreo, arranxándoas, cambiándoas e mesturándoas ao gusto, incluíndo tamén algunha composición orixinal, ata conformar o repertorio que presentan nesta ocasión.

M^a de las Mercedes Salvador Castañer

Licenciada pola Universidade de Santiago en Xeografía e Historia, especialidade de Arte Moderna e Contemporánea e Museoloxía. Desde 1989 é bibliotecaria do Museo Provincial de Lugo. Cofundadora do Colectivo Cultural "María Castaña" e membro do Equipo de Investigación Etnográfica "Chaira". Foi relatora en numerosos cursos con temas do mundo bibliotecario e etnográfico. En 1996 publica "Archivo del Museo provincial de Lugo. Marcas de Agua, siglos XV y XVI", no tomo I de *Marcas de Agua en Documentos de los Archivos de Galicia hasta 1600*; como membro de Chaira é coautora de *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (1998) e *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (2004).